

INAUGURACIÓN

Señores coordinadores, relatores e participantes nas xornadas sobre *Os incendios forestais en Galicia*:

Teño dito que nada resulta alleo ás preocupacións do Consello da Cultura Galega e non só ao referirmonos ao noso patrimonio cultural senón tamén ao territorio que lle serve de referencia e soporte, ao espazo que garante en boa media a súa continuidade.

Desde ese punto de vista, todo o que afecta ao noso medio natural e, nomeadamente, aos impactos negativos é obxecto da nosa atención e estudo. Así sucedeu ao analizarmos as consecuencias da marea negra do *Prestige* e así ocorre agora ao convocarmos expertos e investigadores e xente con protagonismo no combate do lume, que segue devastando os nosos montes.

Todos vós sodes coñecedores da preocupación que a reiterada queima dos nosos montes suscita entre os directamente afectados, os gobernantes e boa parte da sociedade galega. Sabedes mesmo do temor que o lume provocou, con graves ameazas para vidas e facendas e coa consecuencia da irreversible deterioración do noso medio natural, a desaparición da masa forestal e a descomposición conseguinte do solo que lle servía de apoio.

Non teño nin que lembrar que son milleiros as hectáreas queimadas nestes anos nin que boa parte deses lumes foron intencionados e provocados.

Por detrás están os recoñecidos esforzos dos servizos de extinción, as tarefas de prevención, a preocupación das autoridades por determinar causas e autorías e a persecución dos incendiarios.

Debemos agradecer o traballo feito, pero temos tamén a obriga de reclamar avances e melloras en todo iso. Temos a necesidade de insistir na urxencia da concienciación de toda a sociedade galega á hora de considerar e conservar o monte e o seu potencial, á hora de respectar a natureza, evidentemente ameazada.

Ten dito e escrito o conselleiro do Medio Rural que debemos valorizar o noso campo, o noso monte, e que esa deberá ser a mellor política a medio e longo prazo para reducirmos o número dos incendios forestais. Estamos de acordo e esperamos que destas xornadas se deriven propostas e solucións útiles e utilizables na procura deses obxectivos.

Sabemos ben que se trata dun asunto complexo cunha gama de causas estruturais así mesmo de moita complexidade. Un asunto difícil, un desafío, sen dúbida. Pero non deben paralizarnos os desafíos, por grandes que sexan –e este é moi grande– senón que nos deben servir de estímulo para avanzar na redución dos incendios e na mellora dos espazos agroforestais.

Ese foi o fio condutor que tivo en conta Francisco Díaz-Fierros, vicepresidente do Consello da Cultura Galega e coordinador da Sección de Ciencia, Técnica e Sociedade, xunto con Plácido Baamonde e os seus colaboradores cando deseñaron o programa destas xornadas.

Confiamos en que as sesións de traballo sexan un proveitoso foro de reflexión e debate que permita novos azos á sociedade galega na defensa e na potenciación dos seus espazos forestais e, por suposto, na redución e eliminación dos incendios que ameazan os nosos montes e o noso futuro.

Grazas a todos pola vosa participación. Benvidos. Moito ánimo e moi bo traballo.

Alfonso Zulueta de Haz
Consello da Cultura Galega



Francisco Díaz-Fierros, Alfonso Zulueta de Haz e Plácido Baamonde. Inauguración.



Vista do salón